



## CIRCULAR INFORMATIVA 17-10-2017

Estimados pais/nais/titores/as:

### AVISOS:

Como todos os outonos compre lembrar que é preciso tomar medidas preventivas ante a posible aparición dos piollos. É preciso facer unha revisión cumprida e, de darse o caso, tomar as medidas necesarias.

Grazas

### MAGOSTO 2017

O próximo venres, 20-10-17, se o tempo o permite, celebraremos o Magosto coas seguintes actividades:

- Xogos populares no patio co alumnado de Educación Primaria.
- Ás 12:30 h:
  - o Asado de castañas nas fogueiras.
  - o Baixada de carrilanas.
- Ás 13:00 h:
  - o Degustación das castañas acompañados de música popular.

Este día, os nenos e nenas poden vir disfrazados de castañeiros e castañeiras.

- Os xogos populares para o alumnado de Educación Infantil serán o día anterior, xoves 19.

Para facer o magosto precisamos que:

- Os rapaces/zas traian, o mércores e o xoves, castañas cortadas, pico e carozos para facer o lume. Tamén poden traer, estes días, as súas carrilanas.
- Ás 12:00 h, as nais/pais que dispoñan de tempo e queiran, participen nas fogueiras para asar castañas. Agradecemoslles a colaboración.

Todos están convidados ao fin de festa a partir das 12:40 h. para disfrutar da celebración.

De non se poder celebrar nesa data, faríase na primeira xornada con climatoloxía favorable.

Un saúdo

A DIRECCIÓN